

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

MD85PRO01

**Programación de itinerario de interpretación de
corda frotada**

CURSO 2018-2019

Modelo. Programación. MD85PRO01. 01/09/2017. 1

Índice

1.	Introdución.....	3
2.	Metodoloxía.....	3
3.	Atención á diversidade.....	3
4.	Temas transversais.....	3
	4.1 Educación en valores.....	3
	4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s).....	3
5.	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	3
6.	Secuenciación do curso.....	3
	6.1 Curso:.....	4
7.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	5
8.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	5
9.	ANEXOS.....	6
	9.1 Probas de acceso 1º de grao profesional.....	6
	9.2 Probas de acceso a outros cursos.....	6
	9.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	6

1. Introducción

Segundo o Decreto 203/2007, o itinerario de interpretación pretende dotar ao alumno dunha base teórico-práctica que, en relación coa innegable carga de destrezas técnico-físicas que integran os estudos profesionais de música, incida nas súas posibilidades de realización musical, dotando futuro intérprete das ferramentas necesarias que o orienten cara ás saídas profesionais relacionadas.

As ensinanzas dos instrumentos de corda (violín, viola, violonchelo e contrabaixo), dos estudos profesionais de música, terán como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos periodos da música instrumental, especialmente as referencias á escritura rítmica ou á ornamentación.

- Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

- Practicar a música de conxunto, integrándose en formacións camerísticas de diversa configuración, e desempeñando papeis de solista con orquestra, en obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos cometidos.

- Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.

2. Metodoloxía

Principios Metodolóxicos

a) Ten que darse unha aprendizaxe significativa, na cal o alumno vai integrando novas experiencias, coñecementos e habilidades a súa bagaxe previa. A secuencia de contidos e as actividades propostas plantéxanse cun plan moi concreto que debe ser seguido sen alterar a orde, polo menos nos seus aspectos básicos. Soamente desta maneira construiremos unha técnica sólida sobre a que construír novas aprendizaxes.

b) O proceso de aprendizaxe-ensinanza das unidades ten que estar fundamentado pola necesidade de garantir a funcionalidade das aprendizaxes, entendendo que non soamente os contidos técnicos ou expresivos, de tipo teórico ou práctico,

aplicaranse na unidade didáctica concreta, senón que serán necesarios e útiles para levar a cabo outras aprendizaxes posteriores, así como para afrontar con éxito novas actividades prácticas nas cales se poñerá de manifesto a comprensión e o dominio do aprendido.

c) O alumno é o axente suxeito da aprendizaxe, e non un simple receptor de información. Se os coñecementos e as habilidades manexadas non chegan a ser integrados nos seus patróns de comportamento interpretativo, o traballo realizado non serve de nada.

d) No proceso de desenvolvemento da U.D., o mestre é un mediador-dinamizador e un organizador do proceso de ensinanza dos seus alumnos, de acordo coa progresión de cada un deles, e fundamentalmente coa colaboración e coordinación do resto de profesores para acadar a meta marcada.

e) As accións motrices que se describen nas U.D. implican un alto grao de autoconciencia e control perceptivo do propio corpo e dos movementos corporais que implican determinadas accións técnicas.

A metodoloxía que se propón adáptase a grupos e situacións diferentes, procura unha adecuada motivación para animar ao estudantado e tenta rendibilizar todo o posible os recursos dos que se dispón. Con esta metodoloxía:

Pártese do que o alumno xa sabe: Partir dos coñecementos musicais que o alumno ten (vistos en cursos anteriores, ou escolas de música) permite construír os novos contidos cunha base sólida, contribuíndo así a unha aprendizaxe significativa e a que os alumnos modifiquen as súas estruturas cognitivas. Por iso é moi importante realizar algún tipo de proba para averiguar os coñecementos e as destrezas que os alumnos dominan. Tamén o faremos ao iniciar cada U.D. en relación aos conceptos e destrezas previas que son necesarias para entendela axeitadamente.

Aprovéitanse os erros en sentido positivo. Algúns erros, son indicadores de que non existe unha aprendizaxe significativa. O papel do profesor non é evitar o erro propoñendo só tarefas que os alumnos poidan resolver mecanicamente, ademais no caso da música isto sería absurdo. Por iso, no desenvolvemento das unidades didácticas, propóranse tamén actividades cuxa resolución necesite unha aprendizaxe comprensiva. Desta maneira, apróvéitanse os erros para averiguar onde está mal establecida unha relación, onde está a causa pola que o erro se produce, e así poder subsanalo.

Propóñense actividades variadas. A metodoloxía contempla a realización de actividades variadas e uso de técnicas diferentes de traballo, de acordo coas tarefas a realizar: explicacións e intervencións do profesorado, traballos en pequeno grupo, exposicións por parte do alumnado, pequenas investigacións, interpretación vocal, audicións, etc.

Aprovéitanse a interacción entre os alumnos. Ademais do traballo individual, (necesario para desenvolver certos tipo de destrezas e coñecementos), a interacción na aula de instrumento é un elemento importantísimo, proporcionando ocasións para que os alumnos falen entre si e compartan os coñecementos en pé de igualdade. Moitas das actividades son magníficas para conseguir este tipo de diálogo, tamén mediante a realización de pequenas investigacións, traballos de grupo e titorías entre iguais, xa que ás veces o vocabulario dun compañeiro, ou simplemente o exemplo del, que está máis próximo ao alumno, facilita a comprensión. As actividades en grupo e os debates ademais favorecen o desenvolvemento de actitudes positivas cara o instrumento como asignatura e como linguaxe social, xa que permiten coñecer e valorar puntos de vista e gustos distintos.

Relaciónase a música con aspectos da vida. Existen múltiples relacións entre a música e diversos aspectos da realidade social e mesmo natural. Por outra parte tamén teñen certa relación con outras áreas de coñecementos, como pode ser a matemática ou a física, así como a lingua (ben sexa estranxeira ou non). Aproveitar estas relacións no plantexamento de actividades para os alumnos posibilita que estes se dean conta da funcionalidade desta área de coñecemento.

Aprovéitanse os recursos. Utilízase unha gran variedade de recursos que motivan ao alumnado na súa aprendizaxe, como se indica no apartado seguinte.

En base aos principios expostos, en cada unidade didáctica levaranse a cabo exposicións e exemplificacións por parte do profesor; desenvolveranse actividades prácticas de audición e análise; faranse actividades de interpretación de pezas próximas ao alumno; tamén se farán actividades individuais e en pequenos grupos, pequenas investigacións e debates.

3. Atención á diversidade

No caso de contar con alumnos con necesidades especiais, unha vez identificadas éstas, procederase á consulta dun especialista na materia que asesore ao departamento para a atención particular do caso. Asimesmo, adaptarase a programación ás posibilidades deste tipo de alumnos, do mesmo xeito que có resto do alumnado, aplicándose os recursos metodolóxicos e materiais que sexan precisos en cada caso.

4. Temas transversais

4.1 Educación en valores

Tal como recolle o NOF do centro en relación coas normas de Convivencia, resulta imprescindible a formación do alumnado en tales normas básicas de convivencia para o axeitado funcionamento do centro e un mellor aproveitamento dos recursos e as ensinanzas. Ditas normas pasan polo respecto aos dereitos e deberes de todos os segmentos da comunidade educativa e faise necesario formar ao alumnado no que respecta aos seus propios, que se poden resumir en estes:

- Dereitos dos alumnos: á igualdade de oportunidades; a que o centro garde absoluta reserva de toda aquela información de que dispoña acerca das súas circunstancias persoais; á súa liberdade de conciencia, ás súas conviccións relixiosas ou ideolóxicas, así como á súa intimidade respecto ás mesmas; a recibir a formación académica que se establece nas programacións oficiais aprobadas en cada ano académico, de acordo co grado, curso, e materias nos que estea matriculado, e nas mellores condicións de calidade; a ser avaliado de xeito obxectivo e a reclamar as cualificacións cando estime que poidan non ser obxectivas, de acordo cos procedementos establecidos; a recibir orientación académica e profesional axeitada para acadar o máximo desenvolvemento persoal, social e profesional, segundo ás súas capacidades, aspiracións ou intereses; a que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene; a que se lle respecte a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal, non podendo ser obxecto, en ningún caso, de tratos vexatorios ou degradantes, discriminación por razón de nacemento, raza, relixión ou condición sexual.

- Obrigas dos alumnos: Asistir a clase con puntualidade e participar nas actividades orientadas ao desenvolvemento dos plans de estudo; respectar e cumprir cos horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do Centro; seguir as orientacións do profesorado respecto á súa aprendizaxe e amosar ao profesorado o debido respecto e consideración; manter unha actitude correcta na clase, non permitiéndose o uso de móbiles, outros dispositivos electrónicos ou calquera obxecto que poida perturbar o desenvolvemento da clase e da atención debida; respectar o exercicio de dereito ao estudo dos compañeiros/as; coñecer e respectar o carácter e función das ensinanzas que se imparten nun Conservatorio Profesional de Música e darlle a prioridade que merecen, ademais da otorgada pola Lei ás ensinanzas de Réxime Xeral; cumprir cos obxectivos e tarefas encomendados, naqueles casos nos que se produzan faltas de asistencia por circunstancias que teñan sido xustificadas diante do docente responsable; respectar e cumprir as decisións dos órganos unipersoais e colexiados do centro adoptadas no exercicio das súas competencias e de acordo coa normativa.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

Tendo en conta que a maioría da poboación ten nos nosos días relativo fácil acceso ás tecnoloxías da comunicación e da información, resulta evidente que as TIC's, por constituíren unha fonte inesgotable de información e contidos, deben ser aproveitados tamén no proceso de ensinanza e aprendizaxe polo profesorado e o alumnado e deben estar presentes non soamente na formación académica do alumnado senon no mesmo funcionamento cotiá da vida do centro.

O centro ten a disposición un aula de informática, canón proxector, conexión a internet nas aulas, mesa de mezclas, instrumentos dixitais e dous cámaras de vídeo co fin de gravar a actividade académica. Pode ser de gran utilidade o visionado das audicións, as clases ou das actividades do centro coa finalidade de análise crítico da propia execución e da mellora continua da interpretación e da posta en escea. Asemade, a páxina web do Centro está en constante evolución, informando das actividades na cos alumnos participan activamente coma parte integrante das ensinanzas artísticas. O Centro tamén implantou a aplicación "Tokapp School", que facilita a comunicación directa entre profesores, titores e familias.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Estas actividades cumpren varias funcións:

- Completar a formación dos alumnos.
- Servir de actividades de formación e avaliación.
- Dinamizar e implicar ao alumnado na vida cultural do centro e o seu entorno.
- Como factor de motivación polo carácter funcional ás aprendizaxes realizadas na aula.

Poderán ser organizadas polo departamento, de xeito interdisciplinar con outros departamentos, en colaboración coa ANPA e con outras institucións externas ao Centro. Deben ser programadas ao comezo do curso e consistirán en:

- Audicións, exposicións, proxeccións, concursos ou conferencias
- Organización de agrupacións de alumnos.
- Intercambio con outros centros ou viaxes de estudos.
- Cursos de formación.
- Asistencia a concertos fora do centro

6. Secuenciación do curso

6.1 Curso: 6º de grao profesional

6.1.1 Obxectivos

-Coñecer as técnicas básicas de estudo (organización, memoria, concentración, relaxación, etc.) e favorecer a súa automatización para aumentar a eficacia e eficiencia do estudo.

- Tomar conciencia de requerimentos físicos da interpretación.
- Coñecer distintos modos de interpretación por medio de ferramentas audiovisuais e escritas de intérpretes célebres.
- Dominar as diferencias interpretativas entre os distintos periodos da historia da música.
- Ampliar a cultura musical incentivando a escoita da música.

-Valorar a interpretación a través da propia interpretación con vistas a extraer conclusións obxectivas que melloren a súa cualidade.

- Familiarizarse coa bibliografía especializada.
- Utilizar as novas tecnoloxías como medio dinamizador do aprendizaxe.

6.1.2 Contidos

- Organización do traballo diario.
- Exercicio progresiva da memoria*.
- Relaxación e respiración*.
- Concentración*.
- Coñecemento corporal aplicado á execución*.
- Medo escénico.
- Preparación dun repertorio consistente en, polo menos, tres obras para o instrumento propio de pequeno formato pertencentes a tres estilos ben diferenciados e dificultade técnica e musical axeitada ao nivel do alumno*.
- Familiarización cos distintos criterios estilísticos que rexiron a interpretación do repertorio dende finais do século XIX até os nosos días.
- Audicións comparadas de intérpretes de renome do século XX e XXI*.
- Crítica de interpretacións propias e alleas*.
- Peculiaridades técnicas da interpretación en distintas formacións (grupos camerísticos, orquestra de cámara, orquestra sinfónica, etc.)
- Coñecemento das normas de actuación convencionais nos acontecementos musicais.
- Recomendación e comentarios sobre bibliografía especializada.

6.1.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- Interpretar as obras elixidas polo alumno diferenciando axeitadamente as peculiaridades técnicas e musicais de cada estilo e aplicando nelas todos os coñecementos adquiridos.
- Executar dúas versións persoais distintas das devanditas obras, respectando os cánons interpretativos do estilo da obra elixida.
- Controlar a resposta corporal na interpretación a través do emprego das técnicas de relaxación, concentración e respiración estudadas.
- Analizar audicións de distintas épocas e intérpretes dunha mesma obra, comparando os criterios estilísticos de cada un deles.
- Amosar unha actitude de interese e participación ante as audicións e traballos propostos.
- Dominar as peculiaridades técnicas e musicais da interpretación en conxunto.

- Criticar as interpretacións propias e axeas de xeito obxectivo e constructivo.
- Saber aceptar positivamente as críticas dos compañeiros.
- Usar as novas tecnoloxías como ferramenta indispensable na formación.

Mínimos esixibles

Se considerarán como contidos mínimos esixibles para aprobar a asignatura os puntos marcados co asterisco.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Tendo como máximo expoñente a formación continua e integradora do alumnado, o proceso de avaliación levarase a cabo de distintos xeitos:

- Avaliación inicial: Deberemos ter en conta os coñecementos previos do alumnado para que a aprendizaxe sexa significativa e se guíe por criterios construtivistas.
- Avaliación semanal: na clase individual, na que se terá en conta o grao de aproveitamento dos coñecementos aprendidos na clase anterior así como a calidade e máis o tempo empregado no traballo en casa.
- Avaliación mensual: posta en común, dentro do proceso de autoavaliación dos membros do departamento, dos adiantos e dificultades dos docentes co alumnado, o seu interese pola materia e a súa progresiva independencia no seu desenvolvemento, así como o correcto seguemento da programación.
- Avaliación trimestral: celebración das audicións da avaliación no que se reflicten todos os progresos técnicos e musicais do alumnado así como as súas carencias.
- Avaliación final do curso: comprobación e certificación de que o alumno cumpriu os obxectivos e contidos mínimos da programación para o curso no que se atopa.

Perda de avaliación continua

Nos casos en que, de acordo co procedemento disposto nas normas do Regulamento de Réxime Interno vixentes, o alumno/a perda o dereito á avaliación continua, o alumno/a afectado terá dereito a realizar unha proba específica na que se avalíen obxectivamente os seus coñecementos a efectos de superación da materia, e onde se avaliará a superación dos contidos mínimos expostos na programación vixente.

Nel caso deste materia, o alumno deberase examinar ou facer un traballo que abranca todos os contidos do curso ao remate da terceira avaliación.

Criterios de cualificación

Antes do remate de cada trimestre, o alumno deberá realizar un traballo ou exame consistente en:

- Unha audición na que cada alumno deberá interpretar polo menos unha das obras elixidas. Cualificaráse esta audición coa táboa da páxina 11 desta programación.
- Unha crítica responsable por escrito das interpretacións dos seus compañeiros e da súa propia, baseada nos coñecementos desenvolvidos ao longo do curso.

Cómo imos puntuar o curso a un alumno que cumpra cos contidos mínimos.

PONDERACIÓN CRITERIOS AVALIACIÓN (1)	nota	registros
<p>Capacidade técnica para abordar tódalas indicacións da partitura.</p> <ul style="list-style-type: none"> -Técnica: capacidade técnica para realizar aqueles exercicios e aspectos técnicos acordes co nivel e as obras a interpretar, con adecuada relaxación muscular e posición corporal axeitada. - Calidade do son. - Afinación <p>Respecto polas indicacións da partitura, notas, valores, indicacións básicas de dinámica e articulación.</p>	3	-Libro prof. -táb. cotexo
<p>Fluidez, Tempo, respiracións, encadeamento entre movementos e capacidade para manter un pulso estable e interpretar con precisión rítmica.</p>	1	-Libro prof. -táb. cotexo
<p>Capacidade expresiva para aportar variedade á interpretación. Variedade de articulación, golpes de arco, carácter e agónica. Capacidade para realizar indicacións do texto, diferencias de articulación así como de facelo con independencia entre ambas as mans. Todo aquilo que resta monotonía á interpretación e lle confire variedade, carácter ou expresión, aínda sendo correcta en notas e tempo. Musicalidade.</p>	2	-Libro prof. -táb. cotexo
<p>Memoria.</p>	1	-Libro prof.
<p>Participación en audicións, concertos e outras actividades.</p>	2	-Libro prof. -táb. cotexo
<p>Actitude e asistencia a clase e cumprimento dos obxectivos da clase, regularidade no estudo semanal. Progresiva adquisición de autonomía na aprendizaxe.</p>	1	-Libro prof. -táb. cotexo



TÁBOA DE COTEXO			EXAMES E AUDIÇÕES			(a incluír no apartado de audições)		
FIDELIDADE A PARTITURA, FLUIDEZ E PRECISIÓN RÍTMICA			ESTILO, EXPRESIÓN E FRASEO			SON E TÉCNICA		
<u>4 PUNTOS</u>			<u>3 PUNTOS</u>			<u>3 PUNTOS</u>		
Aval 1	Aval 2	Aval 3	Aval 1	Aval 2	Aval 3	Aval 1	Aval 2	Aval 3
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<p>Moi ben. Interpreta con fluidez a un tempo estable e adecuado. Non hai apenas notas falsas nin imprecisións rítmicas. Boa afinación. Respecta as indicacións da partitura. Toca de memoria.</p>			<p>Moi ben. Adáptase moi ben ao estilo e carácter da obra con musicalidade. A expresión e a agóxica son as axeitadas á obra. O fraseo é claro e adecuado e as articulacións, están moi ben realizadas e son independentes entre as mans,</p>			<p>Moi ben. Tendo en conta o nivel, presenta unha moi boa calidade do son. Usa moi ben o fol e dispón da variedade de ataques necesaria. Resolve moi ben as dificultades técnicas que a obra presenta, mantendo a claridade e a igualdade entre as notas. Mantén unha moi boa posición, natural e relaxada, do corpo e as mans.</p>		
<u>3,5 PUNTOS</u>			<u>2,75 PUNTOS</u>			<u>2,75 PUNTOS</u>		
Aval 1	Aval 2	Aval 3	Aval 1	Aval 2	Aval 3	Aval 1	Aval 2	Aval 3
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<p>Ben. Mantén, en xeral, unha interpretación fluída e un tempo estable. Toca, en xeral, con corrección nas notas e precisión no ritmo. Afinación correcta. Respecta, en xeral, as indicacións da partitura.</p>			<p>Ben. Adáptase, en xeral, ben ao estilo e carácter da obra. A expresión e a agóxica son, en xeral, axeitadas á obra. En xeral, o fraseo é claro e adecuado e as articulacións, dinámicas e acentos están ben realizados.</p>			<p>Ben. Presenta, en xeral, unha boa calidade do son. Usa ben o fol e dispón, en xeral, da variedade de ataques necesaria. En xeral, resolve ben as dificultades técnicas que a obra presenta, mantendo a claridade e a igualdade entre as notas. Mantén, en xeral, unha boa posición do corpo e as mans.</p>		
<u>3,25 PUNTOS</u>			<u>2,75 PUNTOS</u>			<u>2,75 PUNTOS</u>		
Aval 1	Aval 2	Aval 3	Aval 1	Aval 2	Aval 3	Aval 1	Aval 2	Aval 3
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<p>Suficiente. A interpretación é suficientemente fluída e o tempo está dentro das marxes aceptables, aínda que nalgunha pasaxe presente dificultades ou inestabilidades no tempo. As notas falsas e as imprecisións rítmicas están dentro do aceptable. Afinación irregular. Cumpre suficientemente coas indicacións da partitura.</p>			<p>Suficiente. A interpretación está aceptablemente dentro do estilo e o carácter da obra. A expresión e a agóxica son aceptables. O fraseo, as articulacións, as dinámicas e os acentos e a independencia entre as mans son suficientes.</p>			<p>Suficiente. Presenta unha calidade aceptable do son. Usa aceptablemente o fol. Resolve suficientemente as dificultades técnicas, aínda que nalgunha pasaxe perda claridade ou haxa desigualdades. Mantén unha posición aceptable do corpo e as mans.</p>		
<u>2,75 PUNTOS</u>			<u>2 PUNTOS</u>			<u>2 PUNTOS</u>		
Aval 1	Aval 2	Aval 3	Aval 1	Aval 2	Aval 3	Aval 1	Aval 2	Aval 3
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<p>Suficiente. A interpretación é suficientemente fluída e o tempo está dentro das marxes aceptables, aínda que nalgunha pasaxe presente dificultades ou inestabilidades no tempo. As notas falsas e as imprecisións rítmicas están dentro do aceptable. Afinación irregular. Cumpre suficientemente coas indicacións da partitura.</p>			<p>Suficiente. A interpretación está aceptablemente dentro do estilo e o carácter da obra. A expresión e a agóxica son aceptables. O fraseo, as articulacións, as dinámicas e os acentos e a independencia entre as mans son suficientes.</p>			<p>Suficiente. Presenta unha calidade aceptable do son. Usa aceptablemente o fol. Resolve suficientemente as dificultades técnicas, aínda que nalgunha pasaxe perda claridade ou haxa desigualdades. Mantén unha posición aceptable do corpo e as mans.</p>		
<u>2,75 PUNTOS</u>			<u>2 PUNTOS</u>			<u>2 PUNTOS</u>		
Aval 1	Aval 2	Aval 3	Aval 1	Aval 2	Aval 3	Aval 1	Aval 2	Aval 3
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<p>Suficiente. A interpretación é suficientemente fluída e o tempo está dentro das marxes aceptables, aínda que nalgunha pasaxe presente dificultades ou inestabilidades no tempo. As notas falsas e as imprecisións rítmicas están dentro do aceptable. Afinación irregular. Cumpre suficientemente coas indicacións da partitura.</p>			<p>Suficiente. A interpretación está aceptablemente dentro do estilo e o carácter da obra. A expresión e a agóxica son aceptables. O fraseo, as articulacións, as dinámicas e os acentos e a independencia entre as mans son suficientes.</p>			<p>Suficiente. Presenta unha calidade aceptable do son. Usa aceptablemente o fol. Resolve suficientemente as dificultades técnicas, aínda que nalgunha pasaxe perda claridade ou haxa desigualdades. Mantén unha posición aceptable do corpo e as mans.</p>		
<u>1,5 PUNTOS</u>			<u>1 PUNTO</u>			<u>1 PUNTO</u>		
Aval 1	Aval 2	Aval 3	Aval 1	Aval 2	Aval 3	Aval 1	Aval 2	Aval 3
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<p>Insuficiente. Interpretación pouco fluída, tempo inestable ou inadecuado, interrupcións frecuentes. Demasiadas notas falsas ou imprecisións rítmicas. Afinación moi pouco definida. Non respecta suficientemente as indicacións da partitura.</p>			<p>Insuficiente. A interpretación está fóra do estilo e do carácter da obra. A expresión e a agóxica son inadecuadas. O fraseo, as articulacións, as dinámicas e os acentos e a súa independencia son insuficientes.</p>			<p>Insuficiente. Presenta unha mala calidade do son. Non usa correctamente o fol. Non resolve suficientemente as dificultades técnicas, perdendo a claridade e a igualdade entre as notas. Mantén unha posición inadecuada do corpo e das mans.</p>		
<u>1 PUNTO</u>			<u>0,5 PUNTOS</u>			<u>0,5 PUNTOS</u>		
Aval 1	Aval 2	Aval 3	Aval 1	Aval 2	Aval 3	Aval 1	Aval 2	Aval 3
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<p>Insuficiente. Interpretación pouco fluída, tempo inestable ou inadecuado, interrupcións frecuentes. Demasiadas notas falsas ou imprecisións rítmicas. Afinación moi pouco definida. Non respecta suficientemente as indicacións da partitura.</p>			<p>Insuficiente. A interpretación está fóra do estilo e do carácter da obra. A expresión e a agóxica son inadecuadas. O fraseo, as articulacións, as dinámicas e os acentos e a súa independencia son insuficientes.</p>			<p>Insuficiente. Presenta unha mala calidade do son. Non usa correctamente o fol. Non resolve suficientemente as dificultades técnicas, perdendo a claridade e a igualdade entre as notas. Mantén unha posición inadecuada do corpo e das mans.</p>		
<u>0 PUNTOS</u>			<u>0 PUNTOS</u>			<u>0 PUNTOS</u>		
Aval 1	Aval 2	Aval 3	Aval 1	Aval 2	Aval 3	Aval 1	Aval 2	Aval 3
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<p>Moi deficiente. É incapaz de superar minimamente as dificultades que a obra presenta</p>			<p>Moi deficiente. É incapaz de superar minimamente as dificultades que a obra presenta</p>			<p>Moi deficiente. É incapaz de superar minimamente as dificultades que a obra presenta</p>		



Calibración

Segundo o artigo 2º das Ordes do 8 de febreiro de 2008 e do 11 de febreiro de 2008 polas que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e danza, e nos puntos 1.5 e 1.6. da Circular 21/2008 e o proceso PR76CAL (Homoxeneización e calibración), os departamentos determinarán o tipo e partes da ou das probas, así como os valores de referencia asignados as mesmas.

Realizarase, ao menos, una proba anual de calibración, onde o profesorado da especialidade acordará previamente o funcionamento da proba, e será comunicado ao alumnado, coa antelación suficiente. Para dita calibración, levarase a cabo seguindo o seguinte cadro:

Alumno/a:		Curso:	
Obra:		Profesor/a:	
Técnica	Articulación, afinación, son, relaxación muscular e posición corporal.	40%	
Ritmo	Fluidez, tempo, respiración, pulso estable, precisión rítmica.	30%	
Musicalidad	Naturalidade, expresión e carácter, variedade na interpretación, indicacións do texto.	30%	
	<i>Resultado final da proba</i>		



Os seguintes criterios achegarán o 60% da cualificación a través do traballo diario nas clases.

Táboa de cotexo.	1º	2º	3º
Interpreta as obras elixidas polo alumno e diferencia axeitadamente as peculiaridades técnicas e musicais de cada estilo e aplica nelas todos os coñecementos adquiridos.			
Executa dúas versións persoais distintas das devanditas obras, respectando os cánons interpretativos do estilo da obra elixida.			
Controla a resposta corporal na interpretación a través do emprego das técnicas de relaxación, concentración e respiración estudadas.			
Analiza audicións de distintas épocas e intérpretes dunha mesma obra, comparando os criterios estilísticos de cada un deles.			
Amosa unha actitude de interese e participación ante as audicións e traballos propostos.			
Domina as peculiaridades técnicas e musicais da interpretación en conxunto.			
Critica as interpretacións propias e axeas de xeito obxectivo e constructiva.			
Sabe aceptar positivamente as críticas dos compañeiros.			
Usa as novas tecnoloxías como ferramenta indispensable na formación.			

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Cando o titor/a do alumno estime que o mesmo posúe os coñecementos e habilidades descritas nos obxectivos e criterios de avaliación da programación do curso, aquel poderá propor ao devandito alumno para ampliación ao seguinte curso, previo informe favorable da totalidade dos profesores das restantes materias do currículo.

Neste caso, ao tratarse dunha materia que se realiza no último curso do grao profesional (6º curso), a ampliación de matrícula non é posible.

6.1.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Ao tratarse dunha avaliación continua, o alumno dará por recuperada unha avaliación suspensa cando supere os contidos correspondentes a dita avaliación segundo criterio do titor.



Probas extraordinarias de setembro

Os criterios de avaliación para a proba extraordinaria de setembro serán os mesmos cós do curso. As obras elixidas para o exame deberán contar co visto bo do profesor, que as aceptará ou refusará tendo en conta a programación didáctica.

6.1.5 Recursos didácticos

Hai distintos tipos de actividades didácticas dependendo do momento da súa realización e do obxectivo.

- Actividades de iniciación e motivación.
- Actividades de desenvolvemento e aprendizaxe.
- Actividades de reforzo e ampliación.
- Actividades de síntese.
- Actividades de avaliación.

Tamén podemos clasificar as actividades atendendo a cómo se desenvolven na práctica educativa. Así teriamos:

- Actividades de tipo expositivo con exemplificación por parte do profesor, podendo utilizar apoio gráfico, audiovisual, informático, etc.

- Actividades de tipo argumentativo, inductivo o deductivo.
- Actividades de investigación.
- Actividades de análise comparativo de diferentes modelos.
- Actividades de resolución ou práctica de supostos.
- Actividades de aplicación práctica: ensaios, practicas de grupo, recitais, etc.
- Actividades de práctica e posta en escea de exercicios técnicos ou de interpretación.
- Actividades de análise técnico-instrumental.
- Actividades de reflexión e debate a partires de gravacións.



A selección dun tipo de actividades terá en conta ao alumno e as características dos contidos que se pretende traballar.

Ø Recursos e Materiais para a Aula

Os recursos didácticos son o conxunto de estratexias, medios e axudas que teñen como finalidade facilitar os procesos de ensinanza-aprendizaxe, e polo tanto o acceso a información, a adquisición de actividades, destrezas, e a formación en actitudes e valores. Os materiais didácticos son as diferentes ferramentas ou instrumentos empregados polo profesor e os alumnos no proceso de ensinanza-aprendizaxe, sendo desta maneira, parte dos recursos didácticos. Todos eles deberán reunir as seguintes características:

- a) Deben ser variados e flexibles, adaptándose as distintas necesidades do alumno en cada momento.
- b) Deberán recoller as propostas didácticas en relación sempre cos obxectivos que se tentan acadar.
- c) Teñen que manterse en todo momento en concordancia cos contidos que se queren transmitir ao alumno.
- d) Deben de respectar o principio básico da atención aos distintos ritmos de aprendizaxe dos alumnos.
- e) No relativo á avaliación, deberán incluír información relativa a qué avaliar e os procedementos para facelo.

Atendendo as características dos materiais e recursos que se poden empregar, podemos agrupalos nas seguintes categorías:

- 1) Recursos e materiais da aula: Entrarían nesta categoría os espazos (aulas, cabinas de estudo, salas de proxección, auditorios...) o mobiliario (cadeiras e mesas, atrás, armarios...) e o acondicionamento acústico.
- 2) Materiais impresos, discográfico e audiovisual: Métodos, partituras, bibliografía da especialidade, e hemerografía variada (láminas, fichas, transparencias, carteis), cd's, dvd's, etc.
- 3) Recursos audiovisuais e informáticos: Equipo de música, equipo gravador con micrófonos, televisión e reprodutor de vídeo e DVD, ordenador e proxector de transparencias, diapositivas, etc.
- 4) Outro material escrito:
 - Fotocopias de partituras, actividades, exercicios...elaboradas polo profesor ou polo departamento.
 - Libros divulgativos de música.
 - Publicacións musicais.
 - Exemplificacións curriculares.
 - Recortes de xornais ou revistas que falen directamente dalgún aspecto musical.



Á hora de elaborar unha programación didáctica, inclúense exercicios, estudos e obras. Isto require un proceso de reflexión, necesario para a correcta elección dos mesmos, tendo como finalidade a maior eficacia da programación. O repertorio elixido debe de axustarse perfectamente aos contidos para axudar á consecución dos obxectivos propostos. Por tanto, os obxectivos condicionarán o repertorio segundo a complexidade dos mesmos.

Unha vez debidamente articulados os obxectivos e contidos por cursos, procédese á elección do material que resulte idóneo para acadar os fins propostos. Será a avaliación do proceso e dos resultados obtidos a que nos indique se realmente a elección do repertorio resultou axeitada. Polo tanto podemos deducir que os criterios á hora de efectuar a elección dun repertorio serían:

- a) Adaptación aos contidos propostos na programación.
- b) Terá como finalidade axudar a acadar e superar os obxectivos da programación.
- c) Os obxectivos condicionarán a complexidade do repertorio elixido.
- d) O repertorio deseñarase unha vez determinados os obxectivos e contidos do curso.
- e) O repertorio debe ser motivador e variado, sendo así unha ferramenta verdadeiramente eficaz en canto a súa capacidade de adaptación ás diversas situacións da práctica diaria.
- f) O repertorio sempre partirá do nivel de coñecementos previos do alumno, para que a aprendizaxe sexa verdadeiramente significativa.
- g) O repertorio proposto será obxecto de reflexión e avaliación constante, de xeito que se modifiquen aspectos ineficaces para anos vindeiros.

7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Tendo como máximo expoñente a formación continua e integradora do alumnado, o proceso de avaliación levarase a cabo de distintos xeitos:

- Avaliación inicial:** Deberemos ter en conta os coñecementos previos do alumnado para que a aprendizaxe sexa significativa e se guíe por criterios construtivistas.
- **Avaliación semanal:** na clase individual, na que se terá en conta o grao de aproveitamento dos coñecementos aprendidos na clase anterior así como a calidade e máis o tempo empregado no traballo en casa.
- **Avaliación mensual:** posta en común, dentro do proceso de autoavaliación dos membros do departamento, dos adiantos e dificultades dos docentes co alumnado, o seu interese pola materia e a súa progresiva independencia no seu desenvolvemento, así como do correcto seguimento da programación.



- **Avaliación trimestral:** celebración das audicións da avaliación no que se reflicten todos os progresos técnicos e musicais do alumnado así como as súas carencias. Estas audicións cualificaránse coa táboa da páxina 11 desta programación.
- **Avaliación final do curso:** comprobación e certificación de que o alumno cumpriu os obxectivos e contidos mínimos da programación para o curso no que se atopa.

8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

1. Ao remate do curso o departamento realizará unha avaliación interna mediante un cuestionario que deberá encher cada profesor de forma individualizada do cal se extraerán as conclusións pertinentes e se tomarán as conseguintes medidas para a súa mellora, dado o caso. O cuestionario incluírá as seguintes preguntas:



	SÍ	NON
¿Informou aos pais e/ou alumnos dos obxectivos e contidos da programación?		
¿ Realizouse mensualmente unha xuntanza de departamento para comprobar a consecución dos obxectivos e contidos da programación?		
¿Tivo solicitudes de titorías por parte dos pais e/ou alumnos?		
¿Empregou con aproveitamento as horas de reforzo educativo?		
¿ Satisfixo as peticións de cambio de profesor?		
¿Realizou audicións trimestrais?		
¿Participaron os seus alumnos nas audicións de 2º, 4º e 6º de GP?		
¿Participaron alumnos seus en actividades extraescolares organizadas por algún dos órganos do centro?		
Observacións:		

Índice

1. Introducción.....	3
2. Metodoloxía.....	3
3. Atención á diversidade.....	5
4. Temas transversais.....	6



4.1 Educación en valores.....	6
4.2 Tratamento das tecnoloxías da inf. e da comunicación (TIC´s)....	6
5. Actividades culturais e da promoción das ensinanzas.....	7
6. Secuenciación do curso.....	7
6.1 Curso: 6º de grao profesional.....	7
6.1.1 Obxectivos.....	7
6.1.2 Contidos.....	8
6.1.3 Avaliación.....	8
6.1.4 Medidas de recuperación.....	13
6.1.5 Recursos didácticos.....	14
7. Procedementos de avaliación e seguem. da programación didáctica.....	16
8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	17